

BASES I CONCURSO DE DESEÑO PORTADA E CONTRAPORTADA AXENDA COTSG 2022

-I- OBXECTO

O Colexio Oficial de Traballo Social (COTSG) pon en marcha un concurso para a creación e deseño de portada e contraportada para as Axendas COTSG 2022, co obxectivo de promover e difundir o ámbito social, o autocoidado e previr patoloxías como o Síndrome de Burnout.

O Traballo social emprega diferentes estratexias e ferramentas dentro da intervención social para que as persoas usuarias aprendan a utilizar os seus propios recursos e descubra os que a comunidade lles ofrece, coa finalidade de que logre satisfacer as súas necesidades básicas, supere os seus problemas sociais, mellore a súa vinculación dentro da súa familia e nos espazos de estudo e traballo.

Sen embargo, neste proceso de acompañamento social, as e os profesionais do Traballo social estamos expostas a unha sobrecarga diaria de traballo e de emocións intensas que, moitas veces, repercute na e no profesional no desgaste e queime profesional. Este desgaste diario pode desencadear no coñecido como Síndrome de Burnout, un estado de esgotamento, mental, emocional e físico relacionado con múltiples patoloxías como a ansiedade e a depresión.

O obxecto do tema proposto é tomar conciencia e procurar espazos para a escoita próxima e interna, ademais de proporcionar ferramentas útiles para a xestión emocional cotiá e polo tanto previr o queime profesional.

As bases redáctanse para regular e normalizar o I Concurso de creación e deseño de portada e contraportada das Axendas COTSG 2022.

-II- PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán optar ao concurso as persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar de alta como Colexiada ou precolexiada e estar ao corrente das cotas de pago
2. Aceptar integramente as presentes bases así como a resolución por parte da organización de calquera problema non recollido nas mesmas

-III- REQUISITOS E CARACTERÍSTICAS DOS DESEÑOS

1. Tamaño da portada e contraportada: **165 x 215 milímetros**.
 - Requisitos da portada: Deben levar fondo homoxéneo (dunha única cor, a ser posible) para a súa mellor adaptación no proceso de maquetación e impresión.
 - Requisitos da contraportada: Pode estar conformada por varias ilustracións, cunha medida global de 165x215 milímetros.
2. O Formato será **PNG**, coa posibilidade de estar feitas a man ou cun programa de deseño tal como ilustrator ou Photoshop.

3. A Temática proposta será o autocoidado das profesionais do Traballo Social, polo tanto, as ilustracións e deseños deben reflexar unha situación ligada á temática proposta. Ex: "*Coidarse para poder intervir*".
4. Os deseños poden ser ilustracións, viñetas de cómic, debuxos, etc. Ligadas sempre á temática dos coidados e autocoidado. Non son válidas fotografías.
5. Os deseños enviados non poden ter participado noutros concursos nin ter sido publicados anteriormente en redes sociais, ser orixinais e de creación propia.
6. Entre todos os deseños se escollerán o deseño de portada e contraportada atendendo aos criterios previamente deseñados da Xunta de Goberno e do equipo técnico do COTSG.
7. Poderase enviar un máximo de tres deseños por participante.

Todos os deseños, independentemente de ser elixidos ou non, serán compartidos polas diferentes redes do colexio.

No caso do uso de imaxe de crianzas, será responsable de dito uso da imaxe a persoa participante no concurso OU non se aceptarán imaxes nas que aparezan menores.

-IV- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

Os deseños deben ser enviados ao correo comunicación@traballosocial.gal seguida do documento adxunto, e acompañadas polo nome e apelidos, e-mail de contacto, teléfono de contacto e resumo do deseño

O prazo de presentación será desde o 4 de agosto ata o 10 de setembro ás 23.59h.

-V- PREMIOS E XURADO

1. Premiarase a aquela ou aquelas ilustracións valoradas polo Xurado
2. Premiarase o número de ilustracións que o Xurado valore atendendo ao criterio do mesmo, podendo escoller un mínimo de 1 e un máximo de 4 deseños.
3. O Premio consistirá en participar gratuitamente nalgún dos cursos do COTSG 2021-2022, ademais de aparecer na portada e/ou contraportada da Axenda do COTSG 2022.
4. O xurado estará formado polas profesionais integrantes de Xunta de Goberno e o Equipo de COTSG.
5. O xurado poderá excluír do concurso a aquelas persoas que fagan un mal uso do mesmo, iso é, que incumpran unha ou máis dunha das condicións reguladas nas bases.
6. O fallo do Xurado será o día 12 de setembro.

-IV- RESPONSABILIDADE E CESIÓN DE DEREITOS

A organización do concurso non se responsabiliza dos prexuízos que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas nestas bases, poidan aparecer por uns contidos inadecuados. A participación no concurso e aceptación das presentes bases implica a cesión á organización dos

dereitos de reprodución, exhibición, comunicación pública e transformación de todas as imaxes e/ou ilustracións presentadas. No caso de cartelería, cítase a autoría da ilustración nalgunha das marxes da axenda.